

De nubes e exilios

39

SUPLEMENTO
DOMINICAL
22 DE NOVIEMBRE DE 2015

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com



De Aristófanes a Goethe, foron moitos os autores que sucumbiron ao fascínio dos ceos, fose como reflexión ou como xogo

Etéreas, as nubes representan o divino, o lugar onde mora o misterio (a Deus sempre o imaxinamos entre nubes) inasibles, cambiantes, comprobamos nelas a fugacidade, a perda de todo o que considerabamos firme e definitivo, ao tempo que nos suxiren o desexo de liberdade e de ensoño. "Estás en las nubes", amoes-tábame o mestre, cando en vez de aplicarme na tarefa me enleaba nas trenzas da Marineta.

No poema "Hoy las nubes me trajeron el mapa de España", Rafael Alberti, exiliado despois da Guerra Civil na Arxentina, converte as nubes en soporte emocional e obxecto de nostalgia: mensaxeiras do recordo, son elas as que lle traen a visión da patria perdida, como se o vento lle levase a máis querida ausencia. Memoria efémera que volve e se esvae no reencontro: "Las nubes me trajeron el mapa de España / borroso, pero claro, / el mapa de mi amor". Desprazado e desposuído, o poeta atopa nelas un espello melancólico que lle devolve unha imaxe difusa, feita de vapor e sentimento.

Luis Cernuda eleva en "Las nubes" este motivo a emblema da soidade esencial. Desde o exilio en México, condensa a experiencia do

desprendemento e da contemplación distante.

As nubes non son para el mensaxeiras do recordo, senón testemuñas caladas da intemperie interior: "He sido como las nubes/ que pasan". Nelas proxecta Cernuda a concepción da identidade como tránsito, como movemento sen raíz. Afastado da súa terra, alleo ao seu tempo, reconécese nesa forma sen forma, nesa liberdade triste, no tránsito impasíbel das nubes que cruzan os ceos sen deterse.

Máis lúdico e surreal, Rafael Pérez Estrada fai das nubes materia plástica da imaxinación. Nos seus textos, breves e visionarios, as nubes son esculturas momentá-

neas que adoptan formas humanas, de animais ou de árbores e plantas. Para Estrada o ceo é un espazo de invención, e as nubes unha estampa que muda a cada instante. De filiación mitopoética, Estrada concibeas como signos dun mundo intermedio entre a realidade e o soño: "Me dijeron: vas a ver a un hombre que huye de una nube que lo persigue, pero ese día hizo sol y no vi nada. Evidentemente, el sol me impide creer en los prodigios".

Galicia

Na literatura galega temos, entre outras obras, "Benu Zula e a Unicornia Branca", de Ánxela Gracián e Christian Villamide (da que xa

falamos aquí) e "A forma das nubes" a suxestiva novela de María López Sánchez (Premio Repsol), á que volvín estes días, e na que non hai exilios forzados pero si carencias afectivas que poden ser igualmente dolorosas.

Á procura de si mesma, a protagonista proxecta nas nubes os seus estados de ánimo "para recoñecer nelas figuras do mundo real". A viaxe en barco (un cruceiro de lecer) serve de escenario ao drama. A atenta observación, a mirada sobre o ceo, erisexe nun exercicio de reflexión, descuberta e coñecemento: "Cando o vento do desamor amaina, sobrevén unha calma estraña, un silencio opresivo", escribe.




Ilustración de Gosia Trebacz | Cedida

Literatura